



Asunción unha vida nas conserveiras

■ PATRICIA E ANGÉLICA
COMESAÑA COMESAÑA

Asunción mira o mar, ou máis ben, un mar de bágoas asoma nos seus ollos cando lembra esa vida tan triste que lle tocou vivir.

Nacida o 10 de agosto de 1913, Asunción era a pequena de cinco irmáns: Angelita, Eugenio, Victoria, Carmen e máis ela. Dende ben pequena a vida xogoulle duro, xa que con pouco menos de 3 anos morreronlle os pais, deles tan sequera lle queda un pequeno recordo:

Sempre choraba por mamasíña [...] aínda hoxe choro por esa nai que non coñecín.

Nesta vida de tristezas aínda non cumplía os 15 anos cando comezou a traballar na Fábrica de Saco, unha pequena industria conserveira a carón do mar de Vigo. A súa estadía nesta foi breve, apenas uns días, xa que o seu irmán Eugenio non lle permitiu continuar porque consideraba que aínda era moi pequena para realizar un traballo tan duro.

* Patricia e Angélica son netas de Asunción.

Aos seus 93 anos, a nosa avoa ainda lembra con suma claridade como na primeira semana na conserveira cobrou tres duros e unha peseta por traballar longas xornadas dándolle servizo ás empregadas máis vellas:

Eu como ainda era moi pequena dáballes servizo ás miñas compañeiras lavándolle os panos, as mesas de traballo, retirando os restos de peixe que daquela non se tiraban, senón que se gardaban en caldeiros para facer abono para o campo!

Algún tempo despois volvے desempeñar este mesmo traballo, pero esta vez na Fábrica de Ribas. Da súa estadía alí recorda con certa nostalxía como os seus xefes a trataban con agarimo porque sabían que medrara sen coñecer os seus pais:

Chamábanme a pequenina, e cando ía cobrar púñanme os cartiños na man para que non os perdese.

Ao cabo de cinco anos marchou traballar, xunto a súa irmá Victoria, á Fábrica de Portante, na mesma rúa Arenal. Alí Asunción limpaba, cortaba e encaixa ba o peixe:

O peixe de antes era gloria, chegaba á fábrica ainda fresco... non coma o de agora que chega conxelado! Daquela os mariñeiros traían o peixe ata o peirao e nós as mulleres encargábamonos do resto. Entre eu e a miña irmá Victoria tiñamos que carrexar as caixas do peixe ata os postos das compañeiras.

Recorda Asunción que o traballo nas conserveiras era unha tarefa moi dura e que dependía sempre do cargamento que traían os barcos á costa:

Tiñámonos que levantar ás cinco da mañá para ir camiñando, á chuva ou ao sol, dende Beade ata o Arenal [...] eran longas xornadas dende as oito da mañá ata moitas veces as once da noite [...] e cando tiñamos moito traballo había que quedar a facer horas e cando non había peixe non se traballaba, pero tampouco había cartos [...]. Traballábbase os sábados e algúns domingos e non existían as vacacións, nin de Semana Santa nin de verán.

Nesa fábrica traballou a nosa avoa ata que a desgraza volvéuselle presentar diante. Con pouco máis de 20 anos tivo que deixar o traballo e facerse cargo dos fillos da súa irmá Angelita que morría con tan só 33 anos. Coidou dos seus sobriños ata que casou. Lembra con tristeza como casou nun sábado de Antroido e que non pudo ir vivir co seu marido ata o martes seguinte, xa que tiña que coidar os pequenos que choraban por ter que quedar sós mentres o pai ía traballar de noite coma sereno na Panificadora:

O día que casei non puiden ir co meu marido para a casa porque non era quen de deixar os meus sobriños pequenos sós.

Asunción xunto con Antonio, o seu marido, tivo seis fillos:

Si, seis fillos como seis soles! Sabino, Antonio, María do Carme, María, María da Paz e Antonio [este herdou o nome do seu irmán máis vello que morreu aos poucos meses de nacer, a quen lle seguiría María, que tamén morreu de poucos meses].

Neste intre, Asunción emociónase, se cadra cada enruga do rostro da nosa avoa é testemuño de todas e cada unha das súas tristezas:

A miña vida foi sempre un mar de bágoas, morréronme os meus pais, a miña irmá e dous dos meus meniños... A vida non me foi agarimosa, pero a trancas e barrancas fomos tirando ata hoxe. ☩

revista galega de pensamento feminista outono 06 núm. 45 prezo: 5 euros

andainas

